

10. A reforma agraria liberal: as desamortizacións

A partir dos seguintes documentos podemos elaborar unha composición de texto histórico sobre a reforma agraria liberal e as desamortizacións durante o s. XIX (1798-1855).

O agro español durante o Antigo réxime estaba ancorado en diversas normas, leis e prácticas cotiás que condicionaban a propiedade da terra e limitaban a produción agrícola. O sector agrario estaba en mans da nobreza e do clero, que posuían numerosas terras incultas e que invertían os seus beneficios en gasto suntuario e non nunha mellora productiva. Todo isto dificulta o comezo dunha revolución agraria, que é o piar sobre o que se sustenta a revolución industrial. Por iso a burguesía liberal consideraba imprescindible realizar unha reforma agraria co obxectivo de converter a propiedade da terra nun ben libre, privado, particular e individual. Para facelo era preciso abolir o réxime señorial e xurisdiccional, desamortizar as terras eclesiásticas e comunais, desvincular os morgados, suprimir as servidumes colectivas e o décimo eclesiástico e autorizar a liberdade de cultivos.

A medida mais importante desta reforma agraria foi a desamortización, que é o proceso de expropiación por parte do Estado e posterior puxa pública das terras amortizadas das mans mortas (terras sen cultivar) pertencentes ao clero ou ben das propias e comúns dos concellos. O proceso de desamortización foi longo debido tanto á masa de bens afectados como aos avances e retrocesos provocados polas sucesivas disputas económicas e políticas. Neste sentido, cómpre destacar que as desamortizacións son propias dos gobernos liberais progresistas e non dos moderados.

A reforma agraria foi iniciada no s.XVIII polos fisiócratas do reformismo borbónico que son conscientes da necesidade de potenciar o desenvolvemento agrario para obter unha mellora na economía e na capacidade de obter impostos directos. Podemos destacar neste ámbito a Pablo de Olavide, cun tibio intento de reforma agraria na repoboación de Serra morena controlando a venda de terras municipais a vecinos cun mínimo de dous bois para poder roturalas deixando os beneficios da venda nas propias arcas do concello. Isto supón un intento de crear unha nova clase media campesiña. Outro representante é Jovellanos, que defende a liberalización das terras no seu *Informe sobre a lei agraria* para que as poda comprar a burguesía. Non obstante estas reformas apenas tiveron impacto pero sentarían o modelo posterior das desamortizacións liberáis sendo o modelo de Jovellanos o que se acabaría por impoñer.

Xa en 1798, as dificultades facendísticas provocadas polo apoio aos rebeldes americanos contra Inglaterra durante o reinado de Carlos IV provocaron o que se coñece como a desamortización de Godoy que se baseaba no modelo desamortizador da Revolución francesa. A medida afectou a unha pequena cantidade de propiedades da Igrexa que recibiron unha porcentaxe do valor das terras vendidas.

Durante o Trienio constitucional (1823) suprimíense certas ordenes monásticas e véndense as súas terras. Admítese o pagamento destas con vales reais. Na Década ominosa devolveranse as propiedades aos seus antigos propietarios, pero non se lles devolve o diñeiro aos actuais.

En 1833, xa coa definitiva implantación do liberalismo, prodúcese a terceira etapa. A desamortización deste período realízase para poder sufragar os gastos da Primeira guerra carlista, reducir a débeda pública (paso previo a reformar o sistema tributario) e para aumentar os partidarios de M^a Cristina, co obxecto de asegurar o trono para Isabel II. Desamortizaranse as mans mortas do clero regular e disolveranse as ordes relixiosas, agás as de ensino e as hospitalarias. Tratarase de debilitar economicamente ao clero, afín ao carlismo e inimigo do liberalismo. Esta desamortización que inicialmente foi plantexada para crear unha clase media campesiña, fracasará xa que os lotes de terras que se venden son tan grandes que so a burguesía e os terratenentes poden pagalos, axudando isto a consolidar o latifundismo. O Estado logra a vinculación da burguesía á causa liberal. En 1841 Espartero completara este proceso desamortizando os bens do clero secular, sendo menos importante en volume de terras que a do clero regular que era eminentemente rural.

Estas desamortizacións son claves no Concordato de 1851 dos moderados xa que a cambio de que a Igrexa finalmente as acepte se lle entrega o monopolio do ensino e da censura.

No bienio progresista, en 1855, prodúcese a última fase do proceso desamortizador coa Lei de Desamortización xeral de bens propios e comúns de Madoz afectando principalmente aos bens comunais dos concellos que eran claves como lugar de pasto, leña e caza menos para os campesiños empobrecendo de xeito moi notable a estes. Foron comprados igualmente en grandes lotes consolidando de xeito definitivo o latifundismo imposibilitando o acceso a propiedade media polo campesiñado e supuxeron en volume de terras desamortizadas a máis importante. Aumentou moito a superficie cultivada pero non o rendemento agrícola debido a non renovación das técnicas de produción, a escasa diversificación dos cultivos así como o absentismo dos grandes propietarios. Tamén contribuíu moi notablemente a destrución do patrimonio forestal.

A pesar das transformacións experimentadas ao longo do XIX no medio agrario, podemos concluír dicindo que a estrutura da propiedade seguiu ancorada no pasado. O predominio do latifundismo era manifesto na metade sur do país (o 2% dos propietarios posuían o 47% da terra cultivable). Estas terras eran traballadas por xornaleiros a cambio de salarios tremendamente baixos. A propiedade media ocupaba a zona centro de España, León, zona cantábrica, Cataluña e Valencia. Traballaban estas terras arrendatarios con arrendamentos a curto prazo, pero que viven en mellores condicións que os anteriores.

En Galicia o minifundismo dedicado ao policultivo de autoabastecemento, explotado a través de arrendamentos a longo prazo denominados foros, semellantes a *Rabassa morta* catalana, insuficientes para unha poboación moi alta, que a conduce á miseria e á emigración. Isto provocará o nacemento do agrarismo e finalmente a redención dos foros con Primo de Rivera en 1927.

Podemos concluír que as transformacións agrarias non son revolucionarias e fracasaran como base e estímulo das transformacións industriais sendo claves igualmente no fracaso da Revolución industrial en España.